

## 3º ESO CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación da materia farase en función dos instrumentos de avaliación utilizados (**70% probas escritas e 30% traballo diario**):

- **Probas escritas (70%)**. Dúas en cada avaliación (35% cada proba). Os exercicios destas probas, de expresión e comprensión, serán similares aos realizados na clase (no caderno do alumnado e nas fichas de exercicios).

- **Proxecto do curso (15%)**. Trátase dun libriño de redaccións elaborado ao longo do curso e supervisado polo profesorado ao longo de cada trimestre.

- **Caderno do alumnado (5%)**. Recolle as notas dadas polo profesorado e as actividades realizadas polo alumnado na clase e na casa. Este caderno é supervisado polo profesorado ao longo do trimestre. Ten que estar completo, ben organizado e limpo.

- **Fichas de exercicios (5%)**. Exercicios variados (léxico, gramática, cultura, temas transversais, xogos, cancións, memorización) feitos na clase e/ou na casa, en individual ou en grupo. O alumnado ten a obriga de entregalas completas ao profesorado para a súa corrección individualizada.

- **Proba oral (5%)**. Unha en cada avaliación e/ou observación na clase ao longo do trimestre. Esta proba, de expresión e comprensión oral, pode consistir na lectura de textos curtos anteriormente preparados na clase; a repetición de memoria dalgún texto curto; unha conversa baseada nun cuestionario de preguntas anteriormente preparado. O alumnado terá a posibilidade de repetir a proba (unha vez) se non acada os mínimos establecidos.

**Considérase superada a avaliación** que acade unha puntuación de mínimo 5/10, é dicir, o alumnado terá que acadar o 50% da suma destas porcentaxes.

> **Redondeo da nota**: se o decimal está entre 0 e 49, a nota será o mesmo número enteiro que sen decimais. Se o decimal está entre 50 e 99 a nota será o número enteiro inmediatamente superior. Excepción: as notas inferiores a 5/10 sempre é suspenso.

> **O alumnado que non pode asistir a unha proba por causa xustificada** terá dereito a facelo outro día (o mesmo día da volta a clase), previa presentación do xustificante.

> **No caso de nenos procedentes dun país francófono que teñan o francés como lingua nativa** ou bilingüe, a súa nota, en cada avaliación, partirá de 5/10 (compensación pola evidente boa expresión oral).

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Non hai probas de recuperación tras a 1ª e 2ª avaliacións, porque, como é avaliación sumativa, as probas posteriores xa inclúen contidos das anteriores a modo de recuperación e repaso (suspender antes e aprobar despois no tempo, significa recuperar todo o anterior).

- O alumnado que aproba a 3ª avaliación acada unha cualificación positiva no curso. Neste caso, a nota do boletín da 3ª avaliación e a nota da avaliación final será a mesma: ou ben a nota obtida na 3ª avaliación, ou ben a nota media das tres avaliacións no caso de ser máis alta (a nota media será obtida coas notas xa redondeadas, sen decimais).

- No caso de obter na 3ª avaliación unha nota inferior a 5/10, o alumnado tamén poderá acadar unha cualificación positiva do curso se a nota media das tres avaliacións é igual ou superior a 5/10 (a nota media será obtida coas notas xa redondeadas, sen decimais). Neste caso, esta nota media será a mesma no boletín da 3ª avaliación e da avaliación final.

- O alumnado que non acade resultado positivo na 3ª avaliación (a nota é inferior a 5/10), deberá presentarse á proba da avaliación final (100% da nota nun único exame escrito sobre 10 puntos que incluírá os contidos mínimos do curso e/ou os exercicios das seis probas escritas feitas durante o curso). Nestes casos, a nota da proba final será superior ou igual (pero non inferior) á da 3ª avaliación. O profesorado informará ao alumnado a principio de curso e logo dos resultados da terceira avaliación. O profesorado comunicará os resultados da terceira avaliación co tempo suficiente que considere para que o alumnado que non acada o aprobado teña tempo de preparar a proba da avaliación final con actividades de repaso e reforzo (o obxectivo é poder acadar o aprobado nesta última proba). Para o alumnado aprobado na 3ª avaliación, haberá actividades de ampliación. O alumnado que, na proba da avaliación final, non acade cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia pendente.